

O Grado de Educación Infantil da Facultade de Educación de Ourense integra na súa oferta formativa a tradición e experiencia de máis de 100 anos impartindo os estudos de Magisterio, cun moderno sistema adaptado á aprendizaxe por competencias. A Facultade dispón de diferentes recursos e plataformas tecnolóxicas que favorecen novas contornas de aprendizaxe e comunicación.

O noso perfil de alumnado

- Os nosos estudantes deben estar interesados por cuestións relacionadas co ensino, especialmente con nenas e nenos nos seus primeiros anos de vida.  
Requírese
- Ser responsable, adquirir compromisos éticos, críticos e auto-críticos.
- Capacidade de traballar en grupo, ser persuasivo e ter facilidade para as relacións interpersonales.
- Sensibilidade para recoñecer as limitacións dos demais e facilitar a súa aprendizaxe.
- Aberto á contorna: ser sensible ás novas esixencias reclamadas desde unha realidade que require igualdade de oportunidades e estimulación da diversidade.
- Creativos e flexibles, sendo capaz de adaptarse a situacións complexas, cambiantes e non previstas.
- Deben posuír un coñecemento do idioma español e do galego, así como nocións básicas dun idioma estranxeiro, un bo nivel nos ámbitos científicos, matemáticos, informáticos, en educación física e en expresión artística en calquera das súas manifestacións.
- Considérase tamén importante a capacidade de emprendimento